



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións en réxime laboral temporal de persoal substituto do persoal de obras, dos postos de oficial de 2ª-oficios varios-condutor, tractorista-condutor, condutor, peón de mantemento e conservación (peón obras públicas), do Concello de Oza-Cesuras durante o período vacacional.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes listaxes de admitidos e excluídos no proceso de selección das persoas que formarán a bolsa de traballo para contratacións en réxime laboral temporal de persoal substituto do persoal de obras, dos postos de oficial de 2ª-oficios varios-condutor, tractorista-condutor, condutor, peón de mantemento e conservación (peón obras públicas) do Concello de Oza-Cesuras, durante o período vacacional.

a) Listaxe de admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI
RODRÍGUEZ DÍAZ, JOSÉ MANUEL	***1898**

b) Listaxe de excluídos:

APELIDOS E NOME	DNI	Motivo da exclusión
NINGÚN		

SEGUNDO.- Establecer a composición do tribunal:

Presidenta: Pablo Vidal Ferreño, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: Secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras ou funcionario en quen delegue ou substitúa

Vogais:

- Luís López Gundián, persoal laboral do Concello de Oza-Cesura
- María del Carmen Vázquez Juncal, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplentes:

María Belén García Otero, funcionaria do Concello de Oza-Cesura





Concello de Oza-Cesuras

TERCEIRO.-O tribunal seleccionador deberá constituírse o luns, 11 de agosto de 2025 ás 10:00 horas na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, n.º 33 - Oza ao obxecto de confeccionar o exame tipo test e a proba práctica indicadas nos criterios de selección das bases que rexen esta convocatoria.

CUARTO.-Convocar ao/s aspirante/s admitidos no proceso, para que compareza/n na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, n.º 33 - Oza ás 11:00 horas do luns 11 de agosto de 2025 para o inicio do primeiro exercicio eliminatorio consistente nun exercicio de 10 preguntas tipo test, sobre as materias indicadas no anexo das bases que rexen a convocatoria, o valor de cada pregunta acerta será de 0,30 puntos, sendo preciso obter unha puntuación mínima de un 1 punto para superar a proba. A proba terá unha duración de 25 minutos.

QUINTO.-Os candidato/s que superen o exame test terán que realizar ese mesmo día as 11:30 horas unha proba práctica relacionada ca reparación, reposición de estrutura viaria, locais e espazos públicos, na que se valorará o manexo de diversas ferramentas e maquinaria.

A/s persoa/s aspirante/s deberán acudir a todas as probas provisto/s do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Oza-Cesuras, na/s data/s de sinatura/s electrónica/s

O ALCALDE,

**Dou fe,
O SECRETARIO**

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

